

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

O Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermería dos puntos de atención continuada, asinado na Mesa Sectorial con data 14 de marzo de 2008, establece que para a prestación de xornada complementaria sobre a fixada como ordinaria para cada ano atenderase á vontade dos/as profesionais manifestada a través dun procedemento regrado. Engade que o Servizo Galego de Saúde, mediante resolución negociada na comisión de seguimento coas organizacións asinantes do Acordo, establecerá o réxime e procedemento para o exercicio e efectividade da opción de voluntariedade, en termos parangonables co réxime de voluntariedade do persoal de ordinaria en atención á debida garantía da cobertura asistencial á poboación.

Por outra banda, o propio Acordo garante a reserva para o persoal das unidades da cota de horas resultante das opcións de voluntariedade formalizadas consonte ao Acordo de Mesa sectorial do 20 de abril de 2005 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

Pola súa parte, para dar cumprimento ao previsto no Acordo e compromisos asinados na Mesa Sectorial do 4 de abril de 2008 respecto ao persoal das unidades, debe realizarse unha nova oferta xeral de voluntariedade para este persoal.

O anteriormente exposto respecto aos dous acordos da Mesa Sectorial, o carácter parangonable que debe ter o réxime de voluntariedade do persoal dos PAC e do persoal das unidades, e o propio feito de que un e outro colectivo veñen a compartir neste intre a prestación da atención continuada –anque sexa no primeiro caso como prestación principal e inherente ao nomeamento e no segundo como prestación complementaria á súa actividade ordinaria–, fan ineludible o establecemento dun único procedemento regrado para exercer as opcións de voluntariedade por parte dos dous colectivos. E isto sen prexuízo das especialidades que os propios Acordos establecen atendendo ás peculiaridades dun e outro sector da atención primaria –ordinaria e continuada– e dos postos de traballo adscritos aos mesmos.

Con base no que antecede esta División, co acordo da comisión de seguimento dos Acordos de Mesa Sectorial de datas 14 de marzo e 4 de abril de 2008

RESOLVE

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

Primeiro.- Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto establecer e iniciar o procedemento para o exercicio das opcións de voluntariedade, en execución dos Acordos asinados na Mesa Sectorial con datas 14 de marzo e 4 de abril de 2008.

Segundo.- Ámbito de aplicación (destinatarios da opción).

Cos efectos previstos nos acordos de 14 de marzo e 4 de abril de 2008 e nesta resolución, poderá optar respecto á prestación voluntaria de atención continuada nos PAC, como adicional á súa xornada ordinaria, o persoal médico de familia e DUE dos seguintes colectivos:

- 1.- Persoal do cadro de persoal de ditos dispositivos (PAC).
- 2.- Persoal das unidades e servizos.

O persoal deberá ter nomeamento fixo ou de interinidade en praza vacante, e estar en situación de activo ou con dereito á reserva de praza.

O persoal con nomeamento de substitución terá que realizar a atención continuada que resulte da opción do titular da praza.

Terceiro.- Contido da oferta de voluntariedade do persoal médico de PAC:

O persoal médico dos postos PAC poderá optar polos seguintes tramos de prestación voluntaria (sobre a xornada ordinaria fixada no Acordo do 14 de marzo de 2008): ata 230 horas; ata 450 horas; ata 660 horas.

Dado que a xornada complementaria á ordinaria ten como finalidade principal garantir a cobertura da prestación necesaria no PAC, a opción por un tramo implicará destinar ata o 80% do mesmo á cobertura de horas de atención continuada, considerándose o resto do tramo destinado á prestación da atención ordinaria das unidades e servizos. Porén, o persoal poderá optar expresamente pola prestación do 100 % do tramo no PAC.

Como excepción ao que antecede, unha vez coñecidas as opcións de voluntariedade, e cando estas non sexan suficientes para a cobertura das horas estruturais no PAC, as Xerencias poderán dispoñer a aplicación da totalidade do tramo mínimo (ata 230 horas) á prestación no PAC, con independencia da opción concreta do/da profesional respecto ao reparto deste tramo.

Os tramos de voluntariedade poderán aplicarse para a asignación das horas PAC reservadas ao persoal das unidades no plan funcional, no suposto de que

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

estas non sexan cubertas polas opcións de voluntariedade deste último colectivo.

No que se refire ao ámbito territorial, a oferta de voluntariedade ten como finalidade a cobertura da prestación no propio PAC de destino.

Porén, o persoal poderá optar expresamente por prestar xornada complementaria en PACs limítrofes.

Como información adicional, para coñecemento das Xerencias, o/a profesional manifestarase tamén sobre a súa disposición para exercer a voluntariedade noutros PACs (non limítrofes) nos que poidan existir finalmente horas non cubertas (esta disposición do/da profesional enténdese condicionada á futura concreción da prestación por parte da Xerencia).

Pola propia finalidade das ofertas de voluntariedade á que se fixo referencia –a cobertura da prestación no propio PAC de destino–, as opcións referidas nos dous parágrafos anteriores, relativas á prestación voluntaria de servizos noutros PACs, serán efectivas na medida en que a asistencia neses PACs non sexa cuberta pola voluntariedade nos mesmos ou polos aspirantes das listaxes de vinculacións temporais. A efectividade destas opcións (prestación de servizos noutros PACs) será analizada nas comisións de centro no proceso de negociación e aplicación dos plans funcionais.

O persoal poderá optar tamén pola non prestación de xornada complementaria.

Todos os elementos da oferta relacionados nos parágrafos anteriores figuran incorporados ao modelo de solicitude (anexo I).

A non presentación de solicitude entenderase como opción por non prestar xornada complementaria.

Cuarto.- Contido da oferta de voluntariedade do persoal DUE de PAC:

O persoal DUE dos postos PAC poderá optar polos seguintes tramos de prestación voluntaria (sobre a xornada ordinaria fixada no Acordo do 14 de marzo de 2008): ata 230 horas; ata 450 horas; ata 660 horas.

Os tramos de voluntariedade poderán aplicarse para a asignación das horas PAC reservadas ao persoal das unidades no plan funcional, no suposto de que estas non sexan cubertas polas opcións de voluntariedade deste último colectivo.

No que se refire ao ámbito territorial, a oferta de voluntariedade ten como finalidade a cobertura da prestación no propio PAC de destino.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

Porén, o persoal poderá optar expresamente por prestar xornada complementaria en PACs limítrofes.

Como información adicional, para coñecemento das Xerencias, o/a profesional manifestarase tamén sobre a súa disposición para exercer a voluntariedade noutros PACs (non limítrofes) nos que poidan existir finalmente horas non cubertas (esta disposición do/da profesional enténdese condicionada á futura concreción da prestación por parte da Xerencia).

Pola propia finalidade das ofertas de voluntariedade á que se fixo referencia –a cobertura da prestación no propio PAC de destino–, as opcións referidas nos dous parágrafos anteriores, relativas á prestación voluntaria de servizos noutros PACs, serán efectivas na medida en que a asistencia neses PACs non sexa cuberta pola voluntariedade nos mesmos ou polos aspirantes das listaxes de vinculacións temporais. A efectividade destas opcións (prestación de servizos noutros PACs) será analizada nas comisións de centro no proceso de negociación e aplicación dos plans funcionais.

Como outra información adicional para coñecemento da Xerencia, o persoal poderá manifestar a súa disposición para prestar atención ordinaria nas unidades dependentes da mesma (en ausencia de persoal dispoñible).

O persoal poderá optar tamén pola non prestación de xornada complementaria.

Todos os elementos da oferta relacionados nos parágrafos anteriores figuran incorporados ao modelo de solicitude (anexo II).

A non presentación de solicitude entenderase como opción por non prestar xornada complementaria.

Quinto.- Contido da oferta de voluntariedade do persoal médico de familia das unidades:

A nova oferta esténdese aos seguintes particulares: 1) opción pola prestación voluntaria nun tramo determinado (tramos xa incluídos nas instrucións 7/2005 e 2/2006 ou novos tramos incentivados); 2) opción por non realizar atención continuada.

O persoal que, con base nunha solicitude anteriormente presentada (instrucións 7/2005 e 2/2006), xa veña prestando atención continuada no PAC, poderá manifestarse simplemente polo mantemento da opción actual. Esta opción será plenamente efectiva (reserva individual de horas). Ademais, o mantemento da opción actual, nun tramo superior ao correspondente incentivado, conterà a todos os efectos a opción por dito tramo incentivado.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

A opción por un determinado tramo consideraranse efectiva en todo caso ata a referida reserva individual de horas e, no resto, na medida en que o permita a cota de horas reservadas ao colectivo de persoal actualmente voluntario; a opción poderá tamén aplicarse para a asignación de horas que non sexan cubertas pola voluntariedade do propio persoal do PAC.

No que se refire ao ámbito territorial, a oferta de voluntariedade ten como finalidade a cobertura da prestación no PAC da unidade de destino. Porén, o persoal poderá optar expresamente por prestar atención continuada en PACs limítrofes. Consonte á dita finalidade, esta opción será efectiva na medida en que a asistencia nesas PACs non sexa cuberta pola voluntariedade nos mesmos ou polos aspirantes das listaxes de vinculacións temporais. A efectividade destas opcións (prestación de servizos noutros PACs) será analizada nas comisións de centro no proceso de negociación e aplicación dos plans funcionais. De ser o caso, servirán de mecanismo para completar o tramo incentivado cando no propio PAC non existan horas suficientes para a asignación do mesmo (trala aplicación da reserva individual e colectiva)

Estes elementos da oferta figuran incorporados ao modelo de solicitude (anexo III).

A non presentación de solicitude entenderase como opción por non prestar xornada complementaria.

Sexto.- Contido da oferta de voluntariedade do persoal DUE das unidades:

A nova oferta esténdese aos seguintes particulares: 1) opción pola prestación voluntaria nun determinado tramo (tramos xa incluídos nas instrucións 7/2005 e 2/2006 e novo tramo para o persoal das unidades de tarde); 2) opción por non realizar atención continuada.

O persoal que, con base nunha solicitude anteriormente presentada (instrucións 7/2005 e 2/2006), xa veña prestando atención continuada no PAC, poderá manifestarse simplemente polo mantemento da opción actual. Esta opción será plenamente efectiva (reserva individual de horas).

A opción por un determinado tramo consideraranse efectiva en todo caso ata a referida reserva individual de horas e, no resto, na medida en que o permita a cota de horas reservadas ao colectivo de persoal actualmente voluntario; a opción poderá tamén aplicarse para a asignación de horas que non sexan cubertas pola voluntariedade do propio persoal do PAC.

No que se refire ao ámbito territorial, a oferta de voluntariedade ten como finalidade a cobertura da prestación no PAC da unidade de destino. Porén, o persoal poderá optar expresamente por prestar atención continuada en PACs limítrofes. Consonte á dita finalidade, esta opción será efectiva na medida en

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

que a asistencia neses PACs non sexa cuberta pola voluntariedade nos mesmos ou polos aspirantes das listaxes de vinculacións temporais. A efectividade destas opcións (prestación de servizos noutros PACs) será analizada nas comisións de centro no proceso de negociación e aplicación dos plans funcionais.

Estes elementos da oferta figuran incorporados ao modelo de solicitude (anexo IV).

A non presentación de solicitude entenderase como opción por non prestar xornada complementaria.

Sétimo.- Procedemento para as opcións de voluntariedade.

7.1.- Modelos de solicitudes e prazos.

As opcións de voluntariedade deberán ser formalizadas e presentadas nos modelos de solicitude que figuran como anexos. O Anexo I será de aplicación ao persoal médico dos postos PAC. O Anexo II utilizarase polo persoal DUE dos postos PAC. O Anexo III utilizarase polo persoal médico das unidades. O Anexo IVI utilizarase polo persoal DUE das unidades.

Cada profesional que manifieste a súa opción deberá presentar unha única solicitude, na que se concretarán os elementos da opción.

Cada Xerencia publicará e notificará individualmente a resolución da apertura de prazo para que os interesados exerzan a opción de voluntariedade, que será como mínimo de sete días hábiles.

7.2.- Información.

As Xerencias darán tamén publicidade aos datos básicos do plan funcional necesarios para o exercicio da opción (en todo caso: horario e características da prestación do PAC; presenzas programadas para cada tramo horario; prazos do cadro de persoal; número total de horas a cubrir polo persoal voluntario; cota horaria que resulta da redución de xornada do persoal PAC pactada no Acordo; cota horaria reservada ao persoal das unidades).

Para a cuantificación inicial das horas a cubrir anualmente polo persoal voluntario de cada categoría atenderase á diferenza entre as horas estruturais de prestación de cada categoría (determinadas polo horario do PAC e as presenzas programadas para cada unha delas), e as horas que se corresponden coa xornada ordinaria anual do colectivo do cadro de persoal do PAC da propia categoría.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

Oitavo.- Vixencia das opcións

As opcións de voluntariedade terán como vixencia inicial a propia dos Acordos (2008-2010). Porén, durante esta vixencia outorgarase relevancia á vontade de reversión total ou parcial formulada polos/as profesionais con base na normativa de conciliación da vida laboral e familiar e os feitos acreditados sobrevidos á data de presentación da opción. Neste caso procuraranse solucións alternativas axustadas ao obxectivo de dita normativa.

Ademais, esta vixencia xeral inicial modularase cos necesarios mecanismos de adaptación que acorde a comisión de seguimento, respecto ao réxime de voluntariedade, pola incidencia dos futuros procesos de provisión de prazas.

Noveno.- Efectos das opcións e criterios para o reparto das horas voluntariamente solicitadas.

Como principio xeral, a simple presentación dunha opción non xera o dereito á prestar servizos no tramo e demais elementos de cada opción (prestación de atención continuada noutros PAC e/ou prestación de atención ordinaria nas unidades).

Para o reparto das horas dispoñibles entre os solicitantes atenderase ao manifestado en cada opción de voluntariedade, pero atendendo en todo caso aos criterios de preferencia e reserva de horas –individual e colectiva– previstos nas disposicións terceira a sexta, e ao establecido nas mesmas respecto á posibilidade de prestar servizos en PACs distintos ao propio.

En último termo, cando as horas dispoñibles non permitan completar os tramos solicitados polo persoal voluntario, realizarase un reparto equitativo entre o persoal solicitante.

Décimo.- Insuficiencia da voluntariedade.

Unha vez coñecidas as opcións de voluntariedade, e cando estas non sexan suficientes para a cobertura das horas estruturais, as Xerencias poderán dispoñer a extensión da xornada ordinaria do persoal dos PAC ata 1.570 horas, nos termos previstos no Acordo do 14 de marzo.

Décimo primeiro.- Calendarios

Os calendarios adaptaranse en cada ámbito territorial ao que resulte da nova xornada ordinaria anual e das opcións de voluntariedade. Dita adaptación realizarase consonte ao previsto no acordo do 14 de marzo de 2008. En consecuencia:

- contarase coa participación do persoal, incluído o voluntario das unidades.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

- na fixación do calendario anual procurarase a equidade entre todo o persoal que traballa na atención continuada, cunha cadencia en asignación de quendas que leven a un reparto proporcionado do número de horas mensuais de prestación, coa previsión inicial do mes de vacacións.

- nos calendarios de traballo deberán facerse os axustes necesarios para o exercicio dos dereitos ao descanso diario e semanal ou alternativos dentro do período que corresponda, recaendo alomenos nunha fin de semana ao mes.

Décimo segundo.- Contido dos Plans Funcionais.

O plan funcional do PAC é o documento básico de planificación da actividade do Punto de Atención Continuada, e será elaborado previa negociación entre as Xerencias e as comisións de centro. De conformidade co previsto nos Acordos, ao plan incorporaranse, de modo sucesivo e como contido mínimo, as seguintes materias:

1) O resultado do estudo previo de necesidades (horas estruturais) destinado a determinar os datos básicos para o exercicio das opcións de voluntariedade (punto 2 da disposición sétima).

2) Os criterios para a cobertura das ausencias imprevisibles. Ditos criterios orientaranse ao establecemento de fórmulas que eviten a dispoñibilidade permanente do persoal voluntario e a garantir, en todo caso, o dereito aos descansos regulamentarios, incluído unha fin de semana libre ao mes como mínimo.

3) Os criterios concretos para a realización de xornada obrigatoria, atendendo aos criterios básicos que estableza a comisión de seguimento.

Disposición adicional:

Os criterios básicos para a asignación de xornada obrigatoria previstos na disposición décimo segunda, que consonte ao artigo 6 do acordo do 4 de abril deberán atender ao principio de equidade, serán tratados pola comisión de seguimento unha vez coñecido o resultado deste procedemento de voluntariedade e, xa que logo, no intre en que poderá valorarse axeitadamente a afectación da obrigatoriedade.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

ANEXO I

OPCIÓN DE VOLUNTARIEDADE (PERSOAL MÉDICO DE PAC)

..... (nome e apelidos) PAC de

De conformidade co previsto na resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do... de maio de 2008, MANIFESTA A SÚA OPCIÓN POR:

A) realizar xornada complementaria no tramo que se indica:

- Ata 230 horas.
- Ata 450 horas.
- Ata 660 horas.

A miña opción enténdese: Referida exclusivamente á prestación no PAC.

Referida á prestación no PAC (80 % do tramo) e á prestación da atención ordinaria nas unidades e servizos (20 %).

- Para o suposto de que o tramo solicitado non me poida ser asignado na súa totalidade no ámbito do referido PAC, e existan noutros ámbitos horas non cubertas:

Opto / Non opto por que parte de dito tramo sexa programado en PACs limítrofes.

Opto / Non opto por estar dispoñible para que parte do tramo sexa programado noutros PACs non limítrofes (disposición condicionada á futura concreción desta oferta).

B) Non prestar xornada complementaria.

Esta opción de voluntariedade esténdese á vixencia do Pacto do 14 de marzo de 2008 ou ata o remate da miña prestación de servizos no PAC referido.

En a de de 2008

Sinatura:

XERENCIA DE

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

ANEXO II

OPCIÓN DE VOLUNTARIEDADE (PERSOAL DUE DE PAC)

..... (nome e apelidos) PAC de

De conformidade co previsto na resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do... de maio de 2008, MANIFESTA A SÚA OPCIÓN POR:

A) realizar xornada complementaria no tramo que se indica:

- Ata 230 horas.
- Ata 450 horas.
- Ata 660 horas.

- Para o suposto de que o tramo solicitado non me poida ser asignado na súa totalidade no ámbito do referido PAC, e existan noutros ámbitos horas non cubertas:

Opto / Non opto por que parte de dito tramo sexa programado en PACs limítrofes.

Opto / Non opto por estar dispoñible para que parte do tramo sexa programado noutros PACs non limítrofes (disposición condicionada á futura concreción desta oferta).

- no que se refire á prestación de atención ordinaria nas unidades:

Opto / Non opto por estar dispoñible para cubrir dita atención en ausencia de persoal dispoñible.

B) Non prestar xornada complementaria.

Esta opción de voluntariedade esténdese á vixencia do Pacto do 14 de marzo de 2008 ou ata o remate da miña prestación de servizos no PAC referido.

En a de de 2008

Sinatura:

XERENCIA DE

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

ANEXO III

OPCIÓN DE VOLUNTARIEDADE (PERSOAL MÉDICO DAS UNIDADES)

.....(nome e apelidos)

Destino (unidade / servizo):

De conformidade co previsto na resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do... de maio de 2008, MANIFESTA A SÚA OPCIÓN POR:

A) prestar atención continuada no tramo que se indica:

- Entre 230 e 280 horas.
- Entre 280 e 550 horas.

- prestar atención continuada no tramo incentivado que se indica:

- Ata 305 horas.
- Ata 600 horas.

Ata 150 horas (exclusivamente para o persoal de unidades de tarde, que tamén poderá optar polo tramo entre 230 e 280).

B) manter o tramo actual de atención continuada.

PACs limítrofes (a cubrir polo persoal que teña manifestado as opcións A ou B): Para o suposto de que o tramo solicitado non me poida ser asignado na súa totalidade no ámbito do referido PAC, e existan en PACs limítrofes horas non cubertas:

Opto / Non opto por completar o tramo en PACs limítrofes.

C) Non prestar atención continuada.

Esta opción de voluntariedade esténdese á vixencia do Pacto do 4 de abril de 2008 ou ata o remate da miña prestación de servizos no ámbito territorial do PAC referido.

En a de de 2008

Sinatura:

XERENCIA DE

- - CIG - SAÚDE INFORMA - -

Texto definitivo do procedemento de voluntariedade (acordado na comisión de seguimento do 14 de maio de 2008)

ANEXO IV

OPCIÓN DE VOLUNTARIEDADE (PERSONAL D.U.E. DAS UNIDADES)

.....(nome e apelidos)

Destino (unidade / servizo):

De conformidade co previsto na resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do... de maio de 2008, MANIFESTA A SÚA OPCIÓN POR:

A) prestar atención continuada no tramo que se indica:

- Entre 230 e 280 horas.
- Entre 280 e 550 horas.

Ata 150 horas (exclusivamente para o persoal de unidades de tarde, que tamén poderá optar polo tramo entre 230 e 280).

B) manter o tramo actual de atención continuada.

PACs limítrofes (a cubrir polo persoal que teña manifestado a opcións A ou B): Para o suposto de que o tramo solicitado non me poida ser asignado na súa totalidade no ámbito do referido PAC, e existan en PACs limítrofes horas non cubertas:

Opto / Non opto por completar o tramo en PACs limítrofes.

C) Non prestar atención continuada.

Esta opción de voluntariedade esténdese á vixencia do Pacto do 4 de abril de 2008 ou ata o remate da miña prestación de servizos no ámbito territorial do PAC referido.

En a de de 2008

Sinatura:

XERENCIA DE